

D/Dna. _____, con
DNI nº _____, e enderezo en _____,
_____, por medio do presente
escrito comparezo e formulo a seguinte **RECLAMACIÓN CONTRA AS FACTURACIÓN DA EMPRESA
SUBMINISTRADORA UNION FENOSA QUE MÁIS ADIANTE SE CONCRETARÁN** baseada nos
seguintes

FEITOS

PRIMEIRO.- A Compañía Unión Fenosa S.A., amparándose no disposto na Disposición Adicional 7ª do Real Decreto 1578/2008 de 26 de setembro, procedeu a efectuar a facturación do seu servizo mensualmente, levándoa a cabo con base na lectura bimestral dos equipos de medida.

SEGUNDO.- A consecuencia do anterior procedeuse á emisión dunha primeira factura co número _____ baseada nun consumo estimado correspondente ó período _____ a _____. O procedemento para proceder a esta estimación, a pesar de que por parte da empresa nun comunicado da súa páxina web asegurase que *“Para calcular ese consumo, UNIÓN FENOSA toma como modelo el mismo período del año anterior”*, **non se corresponde con tales períodos xa que resultan unha cantidade de kWh moi inferior, o cal fai supoñer que os meses tomados como referencia foron outros nos que o consumo foi moito menor.**

Isto provocou que na seguinte factura co número _____ (con lectura “real”) e correspondente ó período _____ a _____ se inclúisen eses kWh que faltaban na anterior, **pero a un prezo maior, xa que se lle aplicaron as novas tarifas de 2009. É dicir, fíxose unha primeira estimación á baixa para poder incluír na seguinte un maior número de kWh e cobrar máis ós clientes coas novas tarifas, podendo chegarse ó caso de superar ficticiamente o límite de 500 kWh e ser sancionado.**

Todo iso sen mencionar que o consumo medido destes dous meses é esaxeradamente alto comparándoo co mesmo período do ano pasado, **o cal evidencia un claro erro no sistema de cómputo, ben sexa por irregularidades na lectura dos equipos medidores ou no sistema informático da empresa subministradora.**

Achégase copia das dúas facturas e folia resume da facturación anual do 2008.

TERCEIRO.- En calquera caso, se temos en conta que o ANEXO I da ORDEN ITC /3801/2008 de 26 de decembro do Ministerio de Industria indica que para proceder a aplicar nas tarifas básicas as cotas exentas de enerxía e os recargos por exceso de consumo *“La facturación debe corresponder a lecturas reales del contador”* a inevitable consecuencia é que debemos cambiar este *método* de cálculo por estimación, instando, coma non pode ser doutro modo, a reforma do Real Decreto 1578/2008.

CUARTO.- Tendo en conta o grao de escuridade respecto ó procedemento para fixar unilateralmente o consumo estimado (ou polo menos unha parte del), non deberíamos esquecer que o noso Código Civil, así como o Real Decreto Legislativo 1/2007, de 16 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral para a Defensa dos Consumidores e Usuarios prohibe (art. 85) a reserva (ou neste caso o exercicio) por parte do empresario *“ de facultades de interpretación ou modificación unilateral del contrato...”*

Igualmente establece (art. 8) como dereito básico dos consumidores *“ A información correcta sobre os diferentes bens e servizos e a educación e divulgación para facilitar o coñecemento sobre o seu adecuado uso, consumo ou disfrute”* e *“A protección dos seus dereitos mediante procedementos eficaces, en especial ante situacións de inferioridade, subordinación e indefensión”*, así como que (art. 9) *“Os poderes públicos protexerán prioritariamente os dereitos dos consumidores e usuarios cando garden relación directa con bens ou servizos de uso ou consumo común, ordinario e xeneralizado”*

Polo exposto

SOLICITO, que en virtude do exposto, previa admisión deste escrito e os documentos adxuntos, se proceda á revisión dos cálculos dos períodos anteriormente referenciados tanto de consumo estimado coma real, procedendo ó reembolso das cantidades indebidamente cobradas e, no seu caso, a eliminación do recargo por exceso de consumo mentres non exista un control real e efectivo do mesmo.

Ado. _____